

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL**PAZAS DE RESIDENCIA PARA PERSOAS COLABORADORAS BOLSEIRAS NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2025/26**

Número de **prazas ofertadas**:

- Centro Residencial Docente da Coruña: 18 prazas.
- Centro Residencial Docente de Ourense: 6 prazas.
- Centro Residencial Docente de Vigo: 6 prazas.

As persoas colaboradoras bolseiras teñen as seguintes **obrigas**:

1. Residir no centro residencial docente.
2. Colaborar no desenvolvemento das tarefas e actividades relacionadas con accións formativas complementarias durante o período de funcionamento en que estea aberto aos residentes.
3. Na súa condición de colaboradoras ante o resto das persoas residentes, teñen a obriga de cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno, as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial.

REQUISITOS:

- Ter 18 anos feitos, ou facer esta idade dentro do ano natural 2025.
- A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teña que realizar o devandito labor de apoio.
- A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanza universitaria de grao, mestrado oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2025/26, en réxime de dedicación académica a tempo completo:
 - Estudos de grao: 60 créditos.
 - Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan.
- Non obstante, as persoas solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculadas no número mínimo indicado a seguir: Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos, estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % dos créditos indicados no punto anterior.
- As persoas beneficiarias non poderán realizar, mentres gocen desta, ningún tipo de traballo remunerado. Tamén, será incompatible con estar en posesión ou reunir os requisitos necesarios para obter un título académico de nivel igual ou superior ao dos estudos que pretende realizar.
- Na adxudicación das prazas teranse en conta criterios económicos, académicos e outros méritos

PRESENTACION DE SOLICITUDES: ata o **8 de agosto de 2025**, obrigatoriamente na sede electrónica <https://sede.xunta.gal>

De existir prazas vacantes, abrírase un prazo extraordinario entre o 1 e o 5 de setembro de 2025.

DOTACIÓN: as persoas adxudicatarias de prazas de colaborador bolseiro utilizarán os servizos da residencia de forma gratuíta durante o período de funcionamento en que estea aberta aos residentes.

MÁIS INFORMACIÓN:**- Xefatura Territorial da Consellería**

R/ Vicente Ferrer, 2 (15008 - A Coruña)

Tel.: 981 184 701

<https://www.edu.xunta.gal/fp/centros-residenciais-docentes>

- Nos Centros Residenciais Docentes:

Na Coruña: **CRD da Coruña – Universidade Laboral**

Rúa Salvador Allende, 13 (15174 - Culleredo)

Telf. 981 667 836

correo-e: credo.coruna@edu.xunta.es

www.crdcoruna.gal

PUBLICACIÓN: [DOG 20/06/2025](#)

Sede electrónica (sede.xunta.gal): procedemento [ED308A](#)